



20 DE NOVIEMBRE

XORNADA DE ORACIÓN POLAS VÍTIMAS DE ABUSOS



XORNADA DE ORACIÓN E PENITENCIA

20 de novembro

SUBSIDIO LITÚRXICO

Monición de entrada

Irmáns:

Reunímonos para celebrar a Eucaristía que é acción de grazas e loanza a Deus pola salvación que nos alcanzou Cristo coa súa morte e resurrección, e polas marabillas que segue facendo en favor noso.

A Igrexa en España quere dedicar este día da Xornada Universal da Infancia á oración e a penitencia polas vítimas de abusos sexuais. Por iso, os cristiáns elevamos as nosas súplicas hoxe especialmente polos nenos e os mozos para que todos teñan un fogar onde poidan crecer e desenvolverse en paz e harmonía.

Así mesmo, lembramos con especial agarimo a quen sufriron calquera clase de abuso físico ou moral; oramos por eles, para que poidan reporse e recuperen a confianza, a alegría e a esperanza.

Cun sentido fortemente penitencial pidamos especialmente perdón polo abusos cometidos contra nenos por parte de pastores e fieis da Igrexa e oramos tamén ao Señor da vida para nunca volvan repetirse semellantes atrocidades e para que conceda a todos os membros da Igrexa un maior sentido de responsabilidade respecto dos menores de idade a eles confiados.

En silencio oremos e pidamos perdón.

Pode ter lugar un tempo de silencio un pouco máis extenso do acostumado.

Acto penitencial

- Ti, que viñeches salvar o que estaba perdido: Señor, ten piedade.
R/. Señor, ten piedade.
- Ti, que devolves a inocencia ao que a perdeu: Cristo ten piedade.
R/. Cristo, ten piedade.
- Ti, que deixaches que os nenos se achegasen a ti: Señor ten piedade.
R/. Señor, ten piedade.

Por utilidade pastoral recoméndase a misa polo perdón dos pecados (Cf. Misal Romano, Misas e oracións por diversas necesidades, número 38, páx. 1050).

Oración colecta

Ten misericordia do teu pobo, Señor,
e perdóalle todos os seus pecados,
para que a túa misericordia perdoe
o que nos merecesen as nosas ofensas.
Polo noso Señor Xesucristo.

Oración dos fieis

Oremos ao Señor o noso Deus, que nos chama a camiñar polas súas sendas, que son rectas e xustas.

- Pola Igrexa, para que leve sempre ao mundo a luz do Evanxeo e anuncie a Cristo en toda ocasión. Roguemos ao Señor.
- Polos nenos, os mozos, os enfermos e os pobres, para que se atopen con Cristo a través do testemuño dos sacerdotes, relixiosos e consagrados. Roguemos ao Señor.
- Por aqueles menores que foron vítimas de abusos, para que atopen na súa contorna a axuda que necesitan para repoñerse física e espiritualmente. Roguemos ao Señor.
- Polos nenos e os mozos, para que vivan libres dos embates do inimigo e poidan lograr un desenvolvemento integral da súa persoa. Roguemos ao Señor.
- Polos que dedican o seu tempo e as súas forzas á formación integral de nenos, adolescentes e mozos. Roguemos ao Señor.
- Por todos nós para que nos sintamos sempre atentos e dispostos a loitar contra toda forma de pecado e sexamos humildes para reconecer os nosos. Roguemos ao Señor.